

O Clube de Rugby Fendetestas voltou a vencer ó Almallo

O Fendetestas volveu derrotar ó Almallo departamental no amigable de volta do partido disputado hai en setembro no campo da Malata -dentro dun triangular de precampaña- e que tamén caeu do lado da escadra pontesa. O resultado final de 36 puntos a 15 a favor dos locais baseouse na superioridade na liña de tres cuartos dos ponteses, así coma no seu maior acerto nos lanzamentos a paus. O partido foi malo, con dous equipos que acusaron as múltiples ausencias

cas que chegaban a este encontro. No arranque do choque, que tivo lugar o pasado sábado 8 de outubro, sorprendeu o equipo ferrolán do Almallo ó anota-lo primeiro ensaio nunha contra cando estaba sufrindo o asedio dos xogadores da casa. Pero de camiño trocaban as cousas co paso a un xogo moi aberto no que apenas se tiveron relevancia as accións estáticas. As defensas das dúas formacións estiveron frouxas, o que provocou un xogo moi desorganizado, con conti-

nuas disputas corpo a corpo polo balón e sen que ningún dos cadros fose quen de marcar un ritmo constante. Desta situación saíu favorecido o Fendetestas, que cun equipo máis rápido sacou maior proveito das imprecisións do seu rival. Este foi xa o último amigable dos cadros de Ferrolterra, que en quince días comezarán as ligas nas categorías de Primeira Galega, no caso dos ferroláns, e de Segunda no dos ponteses.

C . D . A s P o n t e s

Victoria ante o Imperator. O CD As Pontes sumou a segunda victoria consecutiva na casa, confirmando o bó arranque na liga, nun partido que resultou máis cómodo do agardado para o cadro local, que lle endosou un 6-0 sen paliativos ó bisoño Imperator. Dende o asubío inicial, os ponteses imprimiron unha intensidade ó choque que os herculinos non foron quen de acadar. Relegados a defenderse das acometidas do As Pontes, non puideron evitar que o marcador se movese xa moi cedo. Fontao fixo o 1-0 cando só fan 13 minutos e este tanto deu tranquilidade ós seus, que aumentaban as súas chegadas con perigo. O segundo resistiuse en senllas oportunidades de Seo e Pedro, antes de que Negrín nunha falta enviase outra volta o balón ás mallas. O inicio da segunda parte marcou a sentencia cando o porteiro coruñés era expulsado nunha acción sobre Pedro castigada con penalti. O seu lugar ocupouno un xogador de campo, Luciano. A pena máxima transformouna Pedro no 3-0. Entrouse entón nunha tónica de desidia nos vermellos que fixo aparecer as pantasma na grada do susto que a semana pasada dera o Chantada. Mesmo Luis puxo en pretos ó debutante Jeniro na única ocasión visitante nos noventa minutos. Un bó pase de Negrín a Pedro permitíu a este face-lo cuarto gol. Co rival entregado, o As pontes ergueu o pé do acelerador, aínda cos goles seguiron caendo. Pedro foi clave outra vez para o terceiro gol deste na súa conta. Cambiaron os papeis para o tanto de Negrín no minuto 79 co que se pechou xa o marcador de forma definitiva.

Primera derrota ante o Sporting Sada. Por méritos propios, o CD As Pontes perdeu ante ol Sporting Sada a súa imbatibilidade nun duelo pésimo por parte dos de Germán Amil, ós que lles faltou intensidade, actitude e capacidade de reacción para enderezar o encontro. E iso que, nos instantes iniciais, foi o As Pontes o que dispuxo das ocasións máis claras para adiantarse no marcador. Os azuis desaproveitaron todas elas e, ol final, foi o cuadro local o que conseguiu un gol nunha das súas primeiras chegadas gracias á maestría de Borja Martínez. O CD As Pontes logrou empatar a contenda por medio de Fontao pero, practicamente acto seguido, o Sporting Sada volveu a tomar ventaxa gracias a un tanto en propia porta de Manel. Antes de que chegase o descanso,

Borja Martínez establecía o 3-1. Na reanudación, nada puido facer o CD As Pontes por remontar ol marcador.

Empate ante o Castro. O CD As Pontes e o Castro empataron a uns o pasado 25 de setembro nun partido no que defraudaron ós afeccionados congregados no campo do Poboado. Ámbalas dúas escadras demostráronse moito respecto, e ningún quixo arriscar, considerando que o primeiro que marcase tería dado un golpe definitivo. Apenas se produciron ocasións, se ben a condición de local foi determinante para que os de Amil levasen máis a manixa diante dun equipo lucense moi aguerrido, que demostrou moi boas maneiras tanto técnicas como tácticas, e mesmo físicas. Na primeira metade o As Pontes tocaba ben, pero a fluidez desaparecía ó chegar ás postrimeirías da área, onde o replegue do medio campo dos rivais lles permitía abortar calquera chegada. As opcións para terse feito cos tres puntos limitáronse a aproveitar unha acción rápida para poder coller descolocado ó adversario, e esa oportunidade houbou. O que faltou foi o acerto, porque Rubén rematou inocentemente no minuto 9, e porque o gardamallas Villar lle sacou un balón na liña de gol a Pedro no 23. Pero a máis clara estivo nun rápido contragolpe de Alonso. Na segunda metade dominou máis o As Pontes, pero curiosamente custoulle máis chegar, e o Castro empezou a explotalo contragolpe cun serio aviso no minuto 73. Os tres puntos terían ido á localidade lucense se unha vaselina de Martín Murado non se lle tivese ido por moi pouco cando xa estaba só diante do meta local. En liñas xerais foi un partido moi disputado, pero cun xogo moi trabado, e no que o As Pontes puxo máis cartas na súa aposta, pero desaproveitou os triunfos cando os tivo.

Mal partido contra o Boiro. Os erros propios á hora de definir ante a meta defendida por Pajarillo e a mala fortuna nalgunhas accións tanto nunha coma noutra área aliaronse para que o CD As Pontes non acadara os tres puntos nun partido no que, sin embargo, aa escuadra que dirixe Germán Amil fixo méritos suficientes para logralo. Os ponteses desentrolaron un xogo fluído que lles permitiu superar durante boa parte do encontro a disposición defensiva do Boiro. O CD As Pontes chegaba con facilidade á portería rival e acumulaba boas ocasións para adiantarse no marcador. A máis clara delas, na pri-

meira parte, propiciou tres rebotes no pao, na espalda do porteiro e outra vez no pao- sin que o balón chegase a entrar. Era o minuto 55 e, a pesar de que o As Pontes redobrou os seus esforzos no tempo restante, foi incapaz de forzar cando menos o empate.

Empate co Flavia. O CD As Pontes non puido rematar coa imbatibilidade do Flavia, e tivo que conformarse cun empate a uns diante do líder. Os visitantes, por ocasións, mereceron gañalo partido, pero puido levalo calqueira. Na primeira metade os de Padrón adiantáronse moi axiña, e esta circunstancia sería determinante para o desenvolvemento dese período inicial. Ós doce minutos marcou o central Lopo nun gran testarazo rematando un saque de corner á escadra. Con este marcador puidose ver a un Flavia cómodo e perigosísimo á contra, diante dun As Pontes ateazado que mantiña unha posesión que nunca acababa de converterse en dominio. Ó redor da media hora de xogo tivo as súas mellores opcións o cadro local. Ós 26 minutos Vicente sacoulle o gol a Pedro nun man a man, e nos instantes seguintes foron Grueiro e Negrín os que desperdiciaron senllas ocasións de empatar. E do que puido se-lo empate pasouse o que case é o 0-2. No último minuto antes do descanso Marcos salvou un gol cantado de Sergio. O inicio da segunda metade amosou a un As Pontes que afrontaba a reanudación nun estado de nerviosismo que facilitaba as cousas ós celestes con continuas imprecisións na liña de cobertura. E iso que o empate chegou moi axiña, con tan só un minuto xogado Pedro transformou un penalti cometido sobre Rubén. Antes xa volvera perdoar Banana outra clara ocasión para poñe-lo 0-2. A reacción quedou en nada cando Rubén, sen ángulo, cabeceou ó lateral da rede no que foi o último cartucho para poder ter virado o encontro. Cun As Pontes precipitado, o Flavia puido sacar proveito, pero non tivo puntería e Segio e Lopo marraron ocasións moi claras para levarse o partido. A piques estivo de pagar moi caro tanto perdoar o equipo visitante, porque no minuto 70 Grueiro rematou un balón que sacou un defensa baixo paus. Xa na última acción do partido, Vicente saíu providencialmente para evita-lo gol de Seco e deixa-lo definitivo empate a un tanto.

El Xuvenil logra el subcampeonato de España de Kayak Polo

El equipo senior de kayak polo del Grupo Xuvenil se proclamó el pasado 18 de septiembre subcampeón de España en las instalaciones deportivas de Puerta del Hierro de Madrid. En una final, plenamente gallega el Xuvenil tuvo como rival al Umia de Caldas. El resultado final se tuvo que decidir por el método del gol de oro, tanto que fue a parar a las arcas del Umia. Ambos rivales protagonizaron un igualadísimo y emocionante choque que concluyó con un empate a dos goles en el marcador, lo que obligó a recurrir a la prórroga. Y fue precisamente en este tiempo de prolongación cuando el encuentro se vio teñido por las polémicas decisiones arbitrales, que se saldaron con la expulsión de dos de los integrantes de la escuadra del Xuvenil. De esta forma, y con tan sólo tres hombres en la piscina, el xuvenil vio como su rival conseguía el gol de la victoria final. En semifinales, el Xuvenil superó al Ciencias de Madrid que afrontó la cita en calidad de campeón de España por un tanteo de 5-1.

Carlos Mieres y Serafín Fontao con la selección española que finaliza cuarta en el Europeo de kayak polo. Pese a no asegurarse un puesto

en el podium del Campeonato de Europa de kayak polo que se disputó en las instalaciones de Puerta de Hierro en Madrid, el equipo español senior masculino logró su mejor resultado en un campeonato internacional al conseguir la cuarta posición. El equipo nacional, que contaba con la participación de los deportistas del Grupo Xuvenil Carlos Mieres y Serafín Fontao, comenzaron la jornada afrontando la semifinal que los midió a Alemania. El resultado, una derrota por 3-1 ante el conjunto alemán, que a la postre se proclamaría campeón de Europa de la categoría. Los jugadores españoles tuvieron que enfrentarse a la lucha por el tercer y cuarto puesto con la selección de Holanda, los actuales campeones del mundo. Entonces, y aunque España lo intentó por todos los medios, nada pudo evitar una nueva derrota del combinado nacional, en esta ocasión por un contundente marcador de 10-4. Aun así, gran éxito de la formación con la que compitieron Fontao y Mieres, ya que consiguieron el mejor resultado logrado hasta ahora por la selección senior de kayak polo.



O Grupo Xuvenil organizou o décimo descenso do Río Sor en piragua

As Ribeiras do río Sor, no Concello de Mañón, foron o pasado 24 de setembro o escenario da décima edición do descenso organizado polo Grupo Xuvenil e o Concello de Mañón en colaboración coa Federación Galega de piragüismo, unha cita que reuniu a deportistas de diferentes clubs, como o propio anfitrión, o Náutico Firrete de Pontedeume, Fluvial, Betanzos, Cambados ou San Ciprián, entre outros. A xornada

comezou xa pola mañá cun percorrido turístico pola zona de proba, para a continuación xantar todos xuntos. Pola tarde, ás 18.00 horas, iniciouse a competición, destinada ás categorías de senior, xuvenil, cadete e infantil, tanto en kayak como en canoa. Todas as embarcacións participantes saíron xuntas para afrontar un percorrido de oito kilómetros, aproximadamente, situándose a meta no porto do Barqueiro.